CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN | CONCELLO DE VIGO

Escola Municipal de Artes e Oficios

PRENSA

Inaugúrase o venres 7 de xuño

Exposición
"A ESCOLA DE ARTES E OFICIOS 130 ANOS NA HISTORIA DE VIGO PARTE I 1886-1976"

Lugar: *Espazo EMAO*, edificio da Escola, entradas polas rúas Pontevedra e Rosalía de Castro
Datas: do 7 de xuño ao 19 de xullo de 2019 /
Inauguración 7 de xuño ás 20:00 horas
Horario de apertura: de luns a venres de 19:00 a 21:00 horas

1. A EXPOSICIÓN

130 anos

No ano 2016 a Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (EMAO) cumpríu 130 anos. Ininterrompidamente dende a súa **creación en 1886** vén desenvolvendo un importante servizo de carácter educativo e sociocultural á poboación da nosa cidade. A exposición que agora presentamos percorre a historia desta institución dende o seu nacemento ata os os fins da Dictadura.

A historia

No ano 1886 un fato de ilustres cidadáns, nomeadamente **Eduardo Chao, Eugenio Montero Ríos, Augusto Bárcena, Manuel Diego Santos**, imbuídos do espírito ilustrado da **Institución Libre de Ensinanza** (ILE) e convencidos de que o grande pulo social e industrial que Vigo encetaba nos finais do século XIX sería imposible sen unha acción sistemática e organizada de formación cultural e profesional das súas clases traballadoras, deciden impulsar e crear en Vigo a Escola de Artes e Oficios (EAO). Comeza así a desenvolverse un ambicioso programa de estudos dirixido á capacitación básica dos e das traballadoras.

Ante o éxito da iniciativa, axiña foron insuficientes os locais elixidos para a súa sede na rúa do Circo (hoxe Eduardo Iglesias). Consciente da necesidade de dar cobertura ás crecentes necesidades de formación e ao propio éxito da implantación da Escola, no ano 1900 **José García Barbón** fai xenerosa doazón á cidade dos edificios que albergarán ata os nosos días a EAO. Ao tempo, créase a **primeira Biblioteca Pública de Vigo** e o Concello de Vigo pasa a ser o xestor e principal financiador da Institución. Un dos seus primeiros directores, **Fernando García Arenal**, fillo da inesquecible **Concepción Arenal**, testemuña a relación expresa da EAO coa filosofía e práctica da ILE.

A Escola de Artes e Oficios acompañou e garantíu o desenvolvemento da cidade, tanto no que se refire ao industrial como ao arquitectónico, social e artístico, especialmente dende o inicio ata o derradeiro terzo do século XX, momento no que a aparición e implantación progresiva dun ensino profesional e técnico oficial nos anos 70 significou, primeiro, a decadencia e, logo, xa coa Democracia, a recuperación da institución sen que perderan, renovándoos, os principios de educación popular e permanente, compromiso social, excelencia técnica, interdisciplinariedade e creatividade que alumaron as súas orixes.

Obxecto

Amosar e analisar o desenvolvemento histórico da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo dende a súa creación en 1886 ata o ano 1976. Con isto quérese demostrar a estreita relación e o papel esencial da EMAO no desenvolvemento urbano, arquitectónico, industrial e cultural de Vigo.

Así, a ideación e construción do maxestoso caserío do **Ensanche vigués** tivo unha relación directa ou indirecta, coas aulas, a biblioteca, talleres da EAO, profesorado e alumnado da Escola. Boa parte das persoas que hoxe recoñecemos como figuras relevantes do acontecer histórico e económico do Vigo moderno e contemporáneo, pasaron, sexa como alumnos, sexa como profesores ou como benefactores, por este edificio emblemático de Vigo. En primeiro lugar, os miles de traballadores e traballadoras que ergueron co seu esforzo a cidade que coñecemos tiveron unha experiencia formativa aquí; moitos deles foron tamén, tralo seu paso pola EAO, os **emprendedores**

que crearon empresas nos máis variados ámbitos da economía: construción naval, artes gráficas, industria do vidro e da electricidade, calderería… Aquí se formaron tamén artistas plásticos e artesáns consagrados xa de todos recoñecidos; tamén as primeiras mulleres que se incorporaron á unha formación sistemática e a un posto de traballo (coas limitacións propias da mentalidade da época) fixérono primeiro nas aulas. O **profesorado** foi tamén un activo fundamental nesta empresa: formárono o máis preparado da sociedade viguesa xogando moitos deles, ao tempo da súa docencia ou posteriormente, importantes papeis con relevantes funcións tanto no **Concello de Vigo** como na sociedade viguesa. Varios foron primeiro alumnos destacados para logo contribuíren como mestres das novas xeracións de traballadores e estudantes que se matriculaban na Escola individualmente ou enviados polas súas empresas a perfeccionar a súa capacitación básica ou de especialistas.

Contido

Textos, esquemas, documentos escritos, cartográficos e fotográficos moitos deles inéditos, produto da revisión dos infelizmente escasos estudos académicos sobre a Escola e da profusa investigación operativa do comisariado nas fontes primarias e secundarias (arquivo municipal, arquivo e biblioteca da Escola, arquivos e coleccionistas privados, testemuñas orais…).

Exhíbense por primeira vez documentos e obras orixinais, tanto procedentes de arquivos particulares como do rescate e restauración dos existentes no arquivo da Biblioteca.

Rescátanse e amósanse os expedientes académicos, títulos, fotografías do seu paso pola Escola como alumnado, profesorado ou benefactores e protectores, de persoeiros de recoñecido prestixio nos ámbitos artístico, arquitectónico, cultural e industrial e, tamén, de moitos outros, que sen contar infelizmente con ese recoñecemento explícito, foron fundamentais para o desenvolvemento da cidade e que, desta maneira sacamos á luz e así homenaxeamos.

Obra artística

Obra gráfica orixinal, traballos escolares de enorme calidade elaborados dende finais do XIX, poderán ser contemplados ilustrando distintos aspectos e etapas da Escola

Obras pictóricas, escultóricas e artesanais de artistas que pertencen ao acervo cultural de Vigo e Galicia e que iniciaron a súa andaina creativa nas nosas aulas cando eran aínda moi novos.

Obra artística de calidade de alumnado que non seguíu o camiño artístico pero que deixou mostra material do bo facer da súa aprendizaxe nas aulas.

Obxectos, maquinaria, maquetas, instrumental

A relación da Escola coa vida social, cultural, industrial e urbanística da cidade, amósase cunha coidada selección de pezas de valor histórico: obxectos persoais dos fundadores, maquinaria, maquetas, pezas da industria, instrumentos musicais… Unha selección que ilustra os plans de estudos e as relacións das ensinanzas e vida da Escola coa vida da cidade e da súa época.

Apartados

1. **Presentación e orixes**
2. **A EAO no tempo**
   Constrúese unha prolixa liña do tempo que abrangue o período da exposición entre 1886 e 1976, ben ilustrada como fotos inéditas de cada período, plan de estudos e acontecementos.
3. **Fundadores**
   Saliéntanse aquí as biografías e imaxes de Eduardo Chao, José García Barbón e Fernando García Arenal. Exhíbense documentos e obxectos persoais e títulos públicos do mecenas doador dos edificios.
4. **O edificio**
   Planos e fotos orixinais da obra de Pacewicz. Vitrinas con instrumentos históricos do Laboratorio Municipal que referencian os distintos usos (á parte do de Escola) que compartíu o edificio ao longo da súa historia.
5. **A Cidade construída**
   Aquí impartiron ou recibiron clases arquitectos que construiron os edificios máis recoñecidos da nosa cidade e aprenderon o seu oficio os máis relevantes canteiros e mestres de obra e boa parte dos carpinteiros e ebanistas que logo reproducirían as magníficas formas das edificacións e escultura pública viguesas de finais do século XIX e primeira metade do XX.
6. **A formación da Muller**
   Dende o primeiro momento a intención de formar á muller e incorporala ao mundo do traballo estivo presente nos fundadores da institución. Unha formación transcendental para a integración, aínda que moi marcada polos roles de xénero preestablecidos nas distintas épocas.
7. **A cidade creativa**

A fasquía artística da Escola tamén estivo sempre presente, conscientes da delgada liña de división entre o saber artesán e o artístico e da importancia que a formación cultural ten no desenvolvemento dos pobos.
7.1. Música e artesanía
7.2. Galería de artistas plásticos consagrados
7.3. Galería con outras obras de alumnado

8. **A cidade industrial**
   Na fin do século XIX e primeira metade do XX prodúcese o gran pulo urbano e industrial de Vigo. A EAO xogou un papel transcendental para a implantación da modernidade urbana e industrial da nosa cidade.
9. **A Biblioteca**
   A García Barbón/EAO foi a primeira Biblioteca pública da cidade e continúa aberta para a consulta de investigadores na súa sección histórica e como biblioteca especializada no seu fondo moderno para estudantes e persoas interesadas na teoría e técnica das artes aplicadas e oficios artísticos.
10. **Alumnado e profesorado**
    Sección adicada a presentar ao profesorado histórico, a obra artística dalgúns destes, de artistas consagrados con obra da súa época de estudantes na EAO e de alumnos destacados que non se adicaron expresamente ao campo das artes plásticas

CRÉDITOS

Título: A Escola Municipal de Artes e Oficios, 130 anos na historia de Vigo. Parte I: 1886-1976
Produción: Equipo da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, Área de Educación, Concello de Vigo
Lugar: Espazo EMAO (Sala de Exposicións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo). Edificio Anexo da EMAO, entradas pola rúa Pontevedra e Rosalía de Castro.
Comisariado: José Luis Mateo Álvarez, historiador e membro do Instituto de Estudos Vigueses e Rafael Ojea Pérez, técnico de cultura e educación do Concello de Vigo
Comisariado adxunto: M.ª Jesús Cuesta de Pedro, técnica da Biblioteca pública García Barbón/Escola Municipal de Artes e Oficios
Revisión lingüística: Xosé Feixó Cid
Textos: José Luis Mateo Álvarez (agás nos que se indica outra persoa)
Deseño gráfico expositivo (paredes): Eduardo Berea Cruz
Restauración láminas históricas: Carmen Poyán Rasilla
Datas: do 7 de xuño ao 19 de xullo de 2019 (de 19:00 a 21:00 h. de luns a venres non festivos)

Amosamos o noso especial agradecemento a aquelas persoas, empresas e entidades que fixeron préstamo desinteresado de documentación, obra artística e pezas da súa propiedade.

